



PROGRAMACIÓN DOCENTE DO TRABALLO FIN DE ESTUDOS (TFE). CURSO 2023-2024
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO Decreto 163/2015 do 29 de outubro)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA TRABALLO FIN DE ESTUDOS											
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN							ITINERARIOS:	PERCUSIÓN		
CARÁCTER:	OBRIGATORIO							TIPO DE CLASE:			
DEPARTAMENTO:	PERCUSIÓN							XEFE DE DPTO.:	Luis Miguel Sobrevela Romaguera		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:		Luis Miguel Sobrevela Romaguera			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Observacións: O alumno/a terá un titor/a asignado da especialidade, co que realizará as necesarias titorías para o asesoramento no correspondente traballo		
ECTS							10				
DOCENTES:	NOME E APELIDOS							EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA	
	Luis Miguel Sobrevela Romaguera							lmsr.percusion@gmail.com		Luns 13h	
	Carla Figueroa Vila							carlafigueroavila@hotmail.com		Venres 12h	



2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS

O TFE pretende dotar ao alumno das competencias asociadas ao título a través da investigación de aspectos relacionados co instrumento e a través da interpretación pública. Constará de dúas partes, una parte de realización dun traballo de investigación e outra na que se interpretará un programa de concerto co instrumento. O traballo será persoal e autónomo, debendo efectuar a súa defensa ante a Comisión de Avaliación no momento da realización da proba.

COÑECEMENTOS PREVIOS: Os incluídos no resto das materias do itinerario

COMPE- TENCIAS TRANSVERSAIS :	T1 Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora. T2 Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala axeitadamente. T3 Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza. T4 Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación. T5 Comprender e empregar cando menos unha lingua estranxeira no eido do seu desenvolvemento profesional. T6 Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal T8 Desenrolar razoada e criticamente ideas e argumentos T14 Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables. T15 Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional. T16 Empregar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
COMPE- TENCIAS XERAIS:	X2. Mostrar aptitudes adecuadas para a lectura, improvisación e recreación musical. X3. Producir e interpretar correctamente a notación gráfica de textos musicais. X5. Coñecer os recursos tecnolóxicos propios do seu campo de actividade e as súas aplicacións na música preparándose para asimilar as novidades que se produzan. X6. Dominar un ou máis instrumentos musicais nun nivel adecuado ao seu campo principal de actividade. X7. Demostrar capacidade para interactuar musicalmente en diferentes tipos de proxectos musicais participativos. X8. Aplicar os métodos de traballo máis apropiados para superar os retos que se presenten no terreo do estudo persoal e na práctica musical colectiva. X10. Estar familiarizado con un repertorio amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións. Recoñecer os rasgos estilísticos que caracterizan dito repertorio e poder describilos de forma clara e completa. X13. Estar familiarizado cós diferentes estilos e prácticas musicais que lle permitan entender, nun contexto cultural máis amplo, o seu propio campo de actividade. X21. Crear e dar forma aos seus propios conceptos artísticos tras desenvolver a capacidade de expresarse a través deles a partir de técnicas e recursos asimilados. X25. Coñecer e ser capaz de utilizar metodoloxías de estudo e investigación que o capaciten para o continuo desenvolvemento e innovación da súa actividade musical ao longo da súa carreira.
COMPE- TENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1. Interpretar o repertorio significativo da súa especialidade tratando de xeito adecuado os aspectos que o identifican na súa diversidade estilística. EI2. Construír unha idea interpretativa coherente e propia. EI3. Demostrar capacidade para interactuar musicalmente en todo tipo de proxectos musicais participativos, dende dúo ata os grandes conxuntos. EI4. Expresarse musicalmente có seu instrumento/voz de xeito fundamentado no coñecemento e dominio da técnica instrumental e corporal, así como nas características acústicas, organolóxicas e nas variantes estilísticas. EI5. Comunicar, como intérprete, as estruturas, ideas e materiais musicais con rigor. EI6. Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre a interpretación, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión da obra musical. EI8. Asumir adecuadamente as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderado que se poden dar nun proxecto musical colectivo. EI10. Coñecer as aplicacións escénicas que implica a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolver as súas aplicacións prácticas.

Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro



3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver as capacidades necesarias para exercer una axeitada actividade profesional no ámbito da interpretación musical	Todas
Desenvolver a capacidade de relacionar e sintetizar os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos superiores a través da interpretación musical pública.	Todas
Desenvolver a capacidade de relacionar e sintetizar os coñecementos adquiridos ao longo dos estudos superiores a través da elaboración e exposición pública dun traballo escrito.	Todas

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1.- Proposta, realización e defensa dun traballo académico	1.1.- Realización e entrega da proposta do traballo 1.2.- Realización do traballo baixo as directrices do titor. 1.3.- Preparación da exposición pública e debate do traballo	Todas
2.- Proposta e interpretación pública dun programa de concerto	2.1.- Realización e entrega da proposta de concerto. 2.2.- Preparación da interpretación do concerto. 2.3.- Interpretación pública do concerto.	Todas

5.1. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Práctica individual e/ou colectiva		200	200
Pescuda/organización de información		42	42
Redacción de traballo		42	42
Titorías	16		16
TOTAL HORAS (30h=1ECTS):			300



5.2.- DESCRITORES DE PLANIFICACIÓN DOCENTE

<p>Proposta dirixida ao departamento da súa especialidade do tema concreto que pretende desenvolver</p>	<p>A proposta será presentada ao departamento a través do/a seu/súa titor/a. O/A titor/a terá de prazo para enviála ao/á xefe/a de departamento ata o 15 de novembro. O modelo para presentar dita proposta atópase na secretaría do centro. Dita proposta constará polo menos dos seguintes puntos:</p> <p style="text-align: center;">Título Xustificación Índice xeral.</p> <p>O departamento terá de prazo ata o 25 de novembro para resolver as propostas. O/A xefe/a de departamento comunicará por correo electrónico a cada alumno/a e á xefatura de estudos a resolución das mesmas. De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento ou formular unha nova proposta. Neste caso, o/a alumno/a disporá ata o 9 de decembro para reformular a súa proposta.</p> <p>Calquera aspecto do TFE poderá ser modificado, solicitando dita modificación mediante instancia ó departamento de percusión cunha data límite de 30 días naturais antes do día da exposición maxistral do alumno diante do tribunal. Unha vez revisada a petición, o dpto. resolverá o que proceda e informará directamente ao alumno a través de correo electrónico.</p>
<p>Titoría</p>	<p>O alumno poderá solicitar os consellos do seu profesor Titor que o guiará tanto na preparación do Traballo Académico (temática, estrutura, corrección de erros, fontes documentais, etc.) coma nas directrices necesarias para a posta en escena do recital (temática deste, comportamento no escenario, proba acústica, etc.)</p>
<p>Ensaio do recital cos acompañantes (en caso de haberlos)</p>	<p>O alumno poderá dispoñer das instalacións do centro para realizar os ensaios pertinentes co obxecto de preparar o seu recital.</p>
<p>Realización do traballo escrito</p>	<p>O traballo académico deberá ter unha extensión mínima de vinte páxinas, 5500 palabras, en tamaño DIN A-4 con letra arial 12 puntos a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. Dito traballo deberá conter un resumo do mesmo no idioma en que estea redactado, outro en idioma estranxeiro e outro en galego ou castelán.</p> <p>O alumno entregará o traballo na secretaría do centro nas datas que se determinen a tal efecto, que ha de ser posterior á publicación das cualificacións e en calquera caso, con tres semanas de antelación sobre a data de exame.</p> <p>O Traballo presentárase no formato establecido na Circular 10/2014. apartado 3.2. e cumprimentando o formulario correspondente, que levará o visto bo do profesor titor. Entregaranse una copia do mesmo debidamente encadernadas (preferiblemente encadernación non de espiral para facilitar a súa colocación na biblioteca do centro), mais una copia en formato dixital.</p> <p>A estrutura xeral do traballo será:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción <ol style="list-style-type: none"> 1.1. Obxecto de estudo 1.2. Xustificación 1.3. Estado da cuestión 1.4 Marco teórico (opcional) 1.5. Obxectivo do estudo



	<p>1.6. Metodoloxía</p> <p>2. Corpo</p> <p>3. Conclusións</p> <p>Referencias bibliográficas</p>
Exposición Maxistral do alumno diante do Tribunal	O alumno realizará unha defensa do seu Traballo Académico diante do Tribunal que terá unha duración máxima de 20 min. Despois da defensa o Tribunal abrirá un proceso de debate que non durará máis de 10 min.

Proposta dirixida ao departamento da súa especialidade do programa de recital	<p>O programa presentado irá acompañado dunha xustificación e das notas ao programa, que deberán incluír:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Introducción (opcional) - Comentarios sobre cada unha das obras. <p>Xunto coa presentación da proposta, deberase deixar ao Departamento de Percusión copia das partituras a interpretar en depósito durante unha semana (pódese entregar una copia dixital en PDF). A proposta poderá ser modificada, solicitando dita modificación ó departamento.</p> <p>No caso de alumnos que sexan acompañados polo seu profesor de repertorio con piano acompañante, terán que consultar ao departamento de Piano Acompañante calquera modificación das propostas fóra dos prazos establecidos.</p> <p>Na proposta de programa de concerto deberase de incluír como mínimo:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Unha obra para dúo ou máis instrumentistas na que a función musical do papel do aspirante sexa de igual ou superior importancia que o resto de instrumentistas. • Dúas obras para solista • Unha obra de alto nivel para láminas a catro baquetas (vibráfono ou marimba) • Unha obra de alto nivel para varios parches (timbais ou multipercusión) • Unha obra de alto nivel de caixa • Unha obra que non fora traballada con anterioridade nas materias que compoñen o currículo de interpretación de percusión.
Recital público	O Recital terá una duración entre 45 e 70 minutos, cun descanso opcional non computable que non supere os 15 minutos.

6.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO CONCERTO	PONDERACIÓN
Demostrar dominio das diferentes técnicas e recursos interpretativos nos instrumentos de percusión. Execución rítmica precisa e segura, calidade no son e afinación, homoxeneidade no son e riqueza tímbrica, fidelidade ao texto, interpretación correcta de signos de expresión e articulación, coherencia e rigor estilista na interpretación do programa, profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos e interpretación do programa de memoria.	80%



Dificultade técnica e interpretativa, interese artístico do programa	10%
Elaboración das notas ao programa (valorarase o contido exposto e a súa redacción)	10%
6.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ELABORACIÓN E EXPOSICIÓN DO TRABALLO	PONDERACIÓN
<p>Aspectos formais do traballo. Claridade de ideas, de exposición e de organización da información. Relación e coherencia entre as partes do traballo vinculada a una boa calidade lingüística do discurso. Será motivo de suspenso un documento que presenta algunha das seguintes características:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Documento sen formato (diferente tipo de letra, tamaño ou entreliñado ao estipulado). • Partes do texto con redacción incompreensible. • Moitas faltas de ortografía ou linguaxe coloquial (máis de 10 faltas de grafía (b/v, h, y...) ou máis de 40 acentos ou máis de 10 palabras non contempladas na RAE ou na RAG (dependendo do idioma no que estea escrito o traballo) 	15%
<p>Suficiencia e profundidade do traballo, de xeito que se demostre ter coñecementos sobre o desenvolvemento e nivel alcanzado no tema tratado. Creatividade e orixinalidade na presentación temática, na súa abordaxe ou no seu tratamento. Documentación de apoio actualizada e referencias bibliográficas citadas conforme ás normas propias dos traballos científicos e profesionais. A cualificación deste apartado será 0 se se presenta un documento coas seguintes características:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non incluír todos os apartados presentes no modelo. • Non haber coherencia ou relación entre os apartados. • A temática non ten relación coa especialidade. • As fontes consultadas son pouco fiables ou escasas (<5) • Non hai coherencia no xeito de citar no texto e tampouco na bibliografía. • Presentar textos plaxiados sen citar. 	60%
Conclusións do traballo	10%
<p>Presentación do traballo. A cualificación deste apartado será 0 se se presenta un documento coas seguintes características:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O discurso non ten orde nin estrutura, presentando ideas pouco coherentes. • A exposición non se axusta ao tempo establecido. 	15%



7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

8. CUALIFICACIÓN

<p>A cualificación do TFE, que será única, calcularase a partir da media aritmética das cualificacións emitidas polos membros do tribunal presentes na sesión de avaliación, expresada en termos numéricos cun decimal, eliminando as cualificacións individuais dos membros do tribunal que difiran entre si tres ou mais enteiros. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, só será excluída unha delas. Dita cualificación final resultará da suma das ponderacións das dúas partes da proba, a do traballo e a do concerto. Será necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 en ambas partes para poder calcular a media. A nota resultante da parte A, a do traballo de investigación ponderará un 20%, mentres que a parte B, concerto final, ponderará un 80%.</p> <p>Poderanse conceder matrículas de honra (MH) ao 5% do alumnado coas mellores cualificacións, sempre que acaden un mínimo de 9. No caso de existir máis propostas a MH das que por norma se poden conceder, a adxudicación seguirá os criterios establecidos pola CCP o 26 de marzo de 2015: adxudicárase a/s MH por orde de cualificación acadada na materia, de maior a menor. Se por este procedemento houbera algún tipo de empate, recorrerase á nota media de expediente e adxudicárase a/s MH por orde de media de expediente, de maior a menor.</p>
